



A FOLLA DA CGT

Núm. 54 - 26 febreiro 2021

10 de marzo: tod@s á folga



A **CGT** convoca a folga xeral comarcal do 10 de Marzo. **Sobran** motivos. Hai décadas que a comarca se empobrece: reconversión naval, reducións de persoal en Navantia, peche de múltiples pequenas e medianas empresas.

A situación agravouse ultimamente: nova onda de EREs ou peches (Cándido Hermida, Noa, Galicia Textil...), peche anunciado das Pontes, deslocalización de Gamesa, centos de despedimentos nas compañías auxiliares...

Coma o resto da clase obreira do Estado español, os traballador@s da comarca vimos sufrindo ataques permanentes en forma de contrarreformas laborais ou das pensións, recortes nos servizos públicos e mesmo recortes nos dereitos democráticos (Lei Mordaza).

Non estamos ante un problema **xeográfico**, senón **de clase**.



Por iso a **CGT** non vai a esta folga da man dos empresarios nin da dereita, que só queren utilizar ós traballadores en beneficio dos seus intereses, que son incompatibles cos nosos.

Imos á folga como traballador@s a reivindicar:

- Carga de traballo para Navantia.
- Contratación directa por Navantia da man de obra que necesita, a fin de facer desaparecer a subcontratación masiva.
- Expropiación sen indemnización e nacionalización baixo control obreiro de Gamesa e a térmica das Pontes para crear un polo industrial público de enerxías limpas e sostibles.
- Expropiación sen indemnización e nacionalización baixo control obreiro da banca, para crear un banco público

que acabe cos abusos da banca privada e de dispoñer dos recursos que permitan acometer unha política industrial que cree os empregos que fan falla para rematar coa lacra do paro.

Covid: a voltas co teletraballo

O día 24, a empresa decretou a fin do período de "flexibilidade" no teletraballo, que para os TES se traslada ó 1 de marzo.

É verdade que a 3ª onda está remitindo. Pero isto non significa a fin da pandemia. Tamén remitiu a 1ª onda, e despois veu a 2ª. Tamén remitiu a 2ª, e despois veu a 3ª, que golpeou con especial dureza.

A diferenza do inicio da pandemia, agora todos sabemos de compañeir@s **infectad@s**, **hospitalizados**, que ingresaron na **UCI**. Desgraciadamente, tivemos incluso a **morte** por covid do compañeiro Arturo.

As medidas preventivas deben manterse, pero a empresa segue antepoñendo a produción. Incluso hai algunha xefatura máis papista que o papa: mentres o correo do director fala de recuperar a situación que había o 31 de xaneiro, nalgún departamento esixen a volta ó traballo presencial incluso das persoas que en xaneiro estaban a teletraballar.

Este tema non pode abordarse individualmente. A maioría sindical equivocouse cando acordou coa empresa que cada traballador negociase **individualmente** co seu xefe. Debe corrixir o erro e establecer uns criterios **comúns** para tódolos traballador@s. As cousas non poden depender dos gustos, as manías ou a ideoloxía de cada xefe.

Dime de que presumes e...

Navantia xustificou a súa oposición á demanda de prestamismo laboral que está na orixe do despedimento de Cartagena cuns argumentos realmente **conmovedores**.

Reproducimos a acta da xuntanza empresa-intercentros dos días 11 e 17 de xuño de 2020: "a *defensa xurídica que se está facendo consiste en soste que non poden producirse incorporacións á marxe do proceso acordado no marco do Plan de Emprego no que se garante o cumprimento dos principios de publicidade, transparencia, concorrencia e igualdade de oportunidades para a realización de calquera contratación na empresa*".

Que **transparencia** hai nas convocatorias que non teñen bases ou nas que non hai posibilidade de reclamar?

Que **concorrencia** hai cando a empresa elixe a dedo quen entra e quen non?

Que **igualdade de oportunidades** hai cando a empresa exclúe por exceso de madurez persoal e de coñecemento profesional?

Que **publicidade** tiveron as contratacións da FP Dual? Onde están no Plan de Emprego?

A **cara dura** da empresa é impresionante. Vaia tropa de **cínicos**. Moito presumir de código ético, pero xa se sabe: *Dime de que presumes e che direi de que careces*.

Dada a gravidade do tema, a **CGT** plantexou o luns na permanente dar unha resposta sindical **contundente**. Houbo quen incluso dubidou da veracidade da información. A resposta final foi que tiñan que falalo co comité de Cartagena, que despois de **un mes** por fin hoxe se puxo nas portas durante 1 hora.

UTE: 5 semanas de folga indefinida

Tras 5 semanas de folga indefinida, os compañeiros conseguiron que os comités de Fene e Ferrol asinaran o compromiso de defender os empregos ameazados pola actual licitación do mantemento. Que uns traballadores teñan que facer folga para conseguir que un comité de empresa se comprometa a cumprir a súa obriga demostra o que xa sabemos: **a maioría sindical é unha sucursal de RRHH**.



Este acordo tamén deixa claro que a mobilización debe orientarse a paralizar a produción. En canto afectou ó AAOR e se avariaron algúns guindastres en Carenas que non se repararon, empezaron a moverse algunhas cousas. A política de evitar a confrontación directa ou de amagar pero non golpear é contraproducente. Se chegamos á conclusión de que hai que loitar, o mellor é facelo de xeito **consecuente** dende o **primeiro** momento.

E nunha estratexia de confrontación, os únicos aliados son o resto dos traballador@s. A aspiración dos compañeiros da UTE é a mesma que a do resto de compañeiros da IA: a estabilidade laboral.

O camiño para dobregar a Navantia e á patronal da IA é unificar os intereses de todos nunha estratexia conxunta de loita en torno a unha táboa reivindicativa que recolla a creación de bolsas de emprego, un único convenio de aplicación en toda a IA, melloras salariais, defensa dos dereitos laborais...

Novos ingresos

O proceso de revisión das reclamacións está a piques de rematar. A empresa non está a responder a nada en relación coa proba psicotécnica, argumentando que o psicólogo é externo. ¡Primeiro subcontrato e despois digo que non é cousa miña! A empresa xa dixo que publicará as listas definitivas aínda que non haxa acordo co comité. Tamén ordenou preparar un calendario de recoñecementos médicos.

A semana que vén está prevista unha reunión sobre os temarios de operarios e empregados sénior e sobre as inscricións non admitidas de universitarios sénior.

Finiquito dos prexubilad@s

Houbo algún caso de prexubilad@s que, tras asinar o finiquito, entenderon que non estaba ben calculado (a empresa non lles pagaba o txt non desfrutado). Iniciados os trámites dunha demanda, o argumento da avogada de Navantia foi que aceptaran o finiquito. Consello: cando asines o finiquito, escribe "NON CONFORME". Vendo o que se ve, como para fiarse da empresa.



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13
Telf. Móbil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org
Séguenos e comparte info nas RRSS:

